

Obxectivos:

A formación presentada neste curso monográfico pretende contribuír á incorporación da perspectiva de xénero nas tarefas que desenvolve o persoal empregado público nos diferentes ámbitos, poñendo o foco na forma en que a violencia de xénero afecta as mulleres adolescentes.

Búscase fomentar o coñecemento e a análise crítica necesaria para a identificación das desigualdades, discriminacións e violencias explícitas existentes contra as adolescentes, de xeito que se posibilite a incorporación destes coñecemento ás actuacións públicas e se facilite o desenvolvemento de estratexias de prevención, detección e intervención.

Esta actividade formativa en materia de violencia de xénero está a ser financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade).

Persoas destinatarias:

O curso está dirixido ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus entes instrumentais, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Convocatoria:

DOG núm. 225, do 26 de novembro de 2019.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: <https://egap.xunta.gal>

Curso monográfico

VIOLENCIA DE XÉNERO NA ADOLESCENCIA.

Santiago de Compostela, 9, 10, 11 e 12 de decembro de 2019



Luns, 9 de decembro de 2019: 16:00 a 19:30 h.

SESIÓN 1 - VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

- Conceptos introdutorios: teoría de xénero, desigualdade e discriminación, patriarcado, violencia.
- Tipos e modalidades de violencia de xénero: como é e onde se produce a violencia de xénero.
- Mitos e realidades en torno á violencia de xénero: desmontando imaxinarios perigosos.
- Apuntes sobre a lexislación galega, española e europea.

Julia Cabrera Campoy. Politóloga especializada en violencias contra as mulleres, máster en Women, Violence and Conflict pola Universidade de York. Responsable de formación e desenvolvemento de proxectos en ReTnova Proxectia Consulting.

Martes, 10 de decembro de 2019: 16:00 a 19:30 h.

SESIÓN 2 - VIOLENCIA CONTRA AS ADOLESCENTES NA PARELLA.

- O amor romántico na construción das relacións sexoafectivas adolescentes: control, submisión e perda de identidade.
- Masculinidade hexemónica, poder e violencia. Análise da construción e consolidación de masculinidades tóxicas en rapaces adolescentes.
- Características da idade que fomentan a aparición e tolerancia de condutas violentas contra as adolescentes.
- Características da idade que dificultan a detección dos casos de violencia contra as adolescentes.

Ana Cobo Fernández. Psicóloga de Servizos Sociais Comunitarios. Máster en xénero e políticas de igualdade de oportunidades e especialista en infancia e adolescencia.

Mércores, 11 de decembro de 2019: 16.00 a 19:30 h.

SESIÓN 3 - VIOLENCIAS SEXUAIS CONTRA AS ADOLESCENTES.

- A violencia sexual como mecanismo de poder e control contra as mulleres. Impacto da masculinidade hexemónica na normalización de condutas sexualmente violentas.
- O terror sexual e o impacto desta construción social na saúde sexual, emocional e psicolóxica das adolescentes.
- Desmitificación da violencia sexual como un perigo propio do espazo público e non privado.
- Análise do incremento da violencia sexual entre menores.

Silvia Pérez Freire. Doutora e licenciada en Socioloxía, experta en xénero e violencia. Directora de proxectos de intervención con vítimas de violencia de xénero e profesora na Universidade de Vigo.

Xoves, 12 de decembro de 2019: 16:00 a 19:30 h.

SESIÓN 4 - VIOLENCIAS CONTRA AS ADOLESCENTES NAS REDES SOCIAIS E INTERNET.

- Características dos medios dixitais que posibilitan, fomentan ou aumentan a violencia contra as adolescentes.
- Violencias psicolóxicas: ciberacoso sexista e cibercontrol.
- Violencias sexuais: ciberacoso sexual. *Grooming*. Exhibicionismo. Pornografía non consentida e *revenge porn*. *Sextorsión*.
- Consentimento: apuntes contra a revitimización das agredidas a través da criminalización da sexualidade das adolescentes.

Julia Cabrera Campoy

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións poden consultarse na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>